

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
 4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. **¿Cal dos seguintes NON É un estudo epidemiolóxico experimental?:**

- A) Ensaio clínico.
- B) Ensaio comunitario de intervención.
- C) Estudo de prevalencia.
- D) Ensaio de campo.

2. **Os estudos de prevalencia son especialmente útiles para:**

- A) Describir a incidencia da enfermidade.
- B) Estudar as enfermidades que se resolven rapidamente.
- C) Establecer a causa e efecto.
- D) Describir a proporción de persoas nunha poboación definida coa condición de interese.

3. **En cal dos seguintes colectivos está indicada a vacinación para o virus da varicela- zóster en adultos sans seronegativos:**

- A) Mulleres en idade fértil (non embarazadas) para evitar posibles riscos durante o embarazo
- B) Adultos novos (homes e mulleres), pais de nenos susceptibles e sen historia de contacto previo domiciliario cun caso de enfermidade.
- C) Contactos domiciliarios e outros contactos íntimos de persoas con risco elevado de varicela grave.
- D) Todas son correctas.

4. **Cal NON é unha característica dos estudos de cohortes?**

- A) Non hai distribución aleatoria dos individuos que integran cada cohorte.
- B) Podemos obter medidas como a incidencia acumulada, o que nos permite o cálculo directo de risco de enfermarse.
- C) Apropiaados para exposicións raras (pouco frecuentes).
- D) Diseño óptimo para estudar enfermidades con períodos de latencia longos.

5. **Se a sensibilidade e a especificidade son constantes, cando a prevalencia aumenta:**

- A) Aumenta o valor predictivo positivo.
- B) Aumenta o valor predictivo negativo.
- C) Diminúe o valor predictivo negativo.
- D) A e C son correctas.

6. **Sinale a resposta INCORRECTA con respecto aos diferentes tipos de estudos:**

- A) Nos estudos transversais a exposición e o resultado son examinados ao mesmo tempo, o que dificulta establecer relacións causa-efecto.
- B) Os estudos ecolóxicos non utilizan a información do individuo dunha forma illada, senón que utilizan datos agregados de toda a poboación.
- C) Nos estudos de casos e controis, tamén chamados de seguimento, os suxeitos son identificados en función da presenza ou ausencia de exposición a un determinado factor.
- D) Os estudos experimentais caracterízanse pola avaliación do efecto dunha ou máis intervencións, habitualmente de forma comparativa con outra intervención, ou cun placebo.

7. O Proxecto de Infección Cirúrxica ZERO do Ministerio de Sanidade para a prevención da Infección do Lugar Cirúrxico (ILQ) propón unha intervención estandarizada de medidas preventivas individuais (STOP- ILQ), concretamente son 5 medidas. Cal das seguintes NON é unha delas?

- A) Adecuación da profilaxe antibiótica.
- B) Eliminación correcta do vello.
- C) Pincelado con clorhexidina alcohólica ao 0.2%.
- D) Mantemento da normoglicemia.

8. Sinale a resposta CORRECTA no que se refire a indicadores de Vixilancia das Infeccións Relacionadas coa Asistencia Sanitaria en Unidades de Coidados Intensivos:

- A) A Incidencia Acumulada de infeccións urinarias asociadas a sondaxe uretral defínese como o número de Infeccións do Tracto Urinario novas detectadas no período de estudo * 100 / número de pacientes sondados na unidade no período de estudo.
- B) A Densidade de Incidencia de pneumonías asociadas a ventilación mecánica defínese como o número de pneumonías novas detectadas no período de estudo * 100 / número de pacientes con ventilación mecánica na unidade no período de estudo.
- C) A Incidencia Acumulada de Bacteriemias Relacionadas con Catéter defínese como o número de Bacteriemias Relacionadas con Catéter novas detectadas no período de estudo * 1000 / Sumatorio de paciente-día con CVC na unidade no período de estudo.
- D) A Incidencia Acumulada de pneumonías asociadas a ventilación mecánica defínese como o número de pneumonías novas detectadas no período de estudo * 1000 / Sumatorio de pacientes-día con ventilación mecánica na unidade no período de estudo.

9. ¿Cal dos seguintes NON é un Criterio de Causalidade de Bradford Hill?:

- A) Forza (tamaño do efecto).
- B) Consistencia (reproducibilidade).
- C) Multiplicidade (moitas causas poden producir un mesmo efecto).
- D) Temporalidade (a causa precede ao efecto).

10. Sinale a opción FALSA acerca da vacina tripla vírica:

- A) Débese administrar unha segunda dose para reforzar a inmunidade conseguida tras a primeira dose
- B) Tras recibir esta vacina débese evitar o embarazo nas seguintes 4 semanas
- C) Actualmente a primovacinação realízase aos 12 meses de idade
- D) En caso de risco, podería vacínarse aos nenos a partir dos 9 meses.

11. Nun contraste de hipótese estatístico, a probabilidade de rexeitar a hipótese nula cando esta é falsa denomínase:

- A) Eficacia.
- B) Erro tipo I.
- C) Erro tipo II.
- D) Potencia.

12. Sinale a resposta CORRECTA no que se refire a recomendacións de vacinación antimeningocócica en persoas adultas con infección VIH en Galicia:

- A) Está recomendada a vacinación antimeningocócica tetravalente en pacientes previamente non vacinados, dose única.
- B) Está recomendada a vacinación antimeningocócica tetravalente en pacientes previamente non vacinados, dúas doses, separadas por un intervalo mínimo de 8 semanas.
- C) Non está recomendada ningunha vacinación antimeningocócica.
- D) Unicamente está recomendada a vacina antimeningocócica C en persoas previamente non vacinadas.

13. Dada a área baixo unha curva normal, cales dos seguintes rangos son iguais?

- A) Do percentil 2.5 ao percentil 97.5 = De 1.96 desviación estándar por baixo da media a 1.96 desviacións estándar por encima da media
- B) Do percentil 5 ao percentil 95 = De 1.96 desviación estándar por baixo da media a 1.96 desviacións estándar por encima da media
- C) Do percentil 25 ao percentil 75 = De 1.96 desviación estándar por baixo da media a 1.96 desviacións estándar por encima da media
- D) Do percentil 2 ao percentil 97 = De 1.96 desviación estándar por baixo da media a 1.96 desviacións estándar por encima da media

14. A limpeza, desinfección e esterilización son pasos distintos no reprocesamento e mantemento adecuados do equipo médico. Cal das seguintes opcións se logra mediante a limpeza de equipos médicos?

- A) Todos os microorganismos, incluídas todas as esporas bacterianas, destrúense.
- B) Todos os virus e algúns fungos destrúense.
- C) A maioría dos microorganismos elimínanse, excepto un gran número de esporas bacterianas.
- D) Elimínase a materia orgánica ou inorgánica visible.

15. A povidona iodada é un antiséptico do grupo químico dos iodóforos que á hora da utilización como antiséptico, presenta algunhas vantaxes e tamén inconvenientes; dos citados a continuación, elixe a resposta CORRECTA:

- A) Ao utilizala como antiséptico, tene unha potente acción residual.
- B) O seu uso está contraindicado en neonatos e nais lactantes.
- C) A súa acción non se inactiva pola presenza de materia orgánica.
- D) Non é corrosiva para os metais.

16. ¿Cal dos seguintes NON CORRESPONDE a un dos cinco momentos da hixiene de mans?:

- A) Despois do contacto co paciente.
- B) Antes do contacto coa contorna do paciente.
- C) Despois do contacto coa contorna do paciente.
- D) Antes de realizar unha tarefa aséptica.

17. En epidemioloxía cal é a medida de tendencia central preferida para resumir datos asimétricos, como os períodos de incubación?

- A) Media.
- B) Mediana.
- C) Moda.
- D) Media xeométrica.

18. Na esterilización por vapor todo o seguinte é correcto excepto:

- A) Non é tóxico para o paciente, o persoal nin para o medio ambiente.
- B) É o método preferido para esterilizar instrumentos críticos sempre que non se danen pola calor, o vapor, a presión ou a humidade.
- C) Os ciclos son longos difíciles de controlar e monitorar.
- D) Despois dun resultado positivo nun indicador biolóxico, se os controis físicos e químicos son normais, non se terá en conta a menos que volva repetirse o resultado positivo ou se trate de próteses.

19. Nun estudo epidemiolóxico, unha variable que está relacionada co factor exposición que queremos avaliar, coa enfermidade que estamos a estudar, e que, ademais, non é un paso intermedio entre exposición e enfermidade, denomínase:

- A) Sesgo de selección.
- B) Sesgo de observación.
- C) Factor de confusión.
- D) Erro aleatorio.

20. Respecto aos indicadores de infección hospitalaria, sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A prevalencia total de pacientes con infección nosocomial é a porcentaxe de pacientes hospitalizados que no momento do estudo presentan unha ou máis infeccións nosocomiais.
- B) A Incidencia acumulada de infección de localización cirúrxica (ILC) defínese como o número de ILC detectadas no procedemento vixiado no período de estudo * 100 / número total de intervencións do procedemento vixiado nese período de estudo.
- C) A Densidade de Incidencia de Infeccións urinarias relacionadas con sondaxe uretral (ITUSU) adquiridas nunha Unidade de Pacientes Críticos defínese como o número de ITUSU novas detectadas en enfermos sometidos a VM no período de estudo * 100 / número de pacientes sondados na Unidade no período de estudo.
- D) A Densidade de Incidencia de Pneumonías asociadas a Ventilación Mecánica (VM) nunha Unidade de Pacientes Críticos defínese como o número de pneumonías novas detectadas en enfermos sometidos a VM no período de estudo * 1000 / Sumatorio de pacientes-día con VM na Unidade no período de estudo.

21. Ante un paciente ingresado con neumonía confirmada por Pseudomonas aeruginosa multirresistente (con patrón de resistencia a carbapenemas) deben establecerse as seguintes medidas:

- A) Medidas de precaución por contacto.
- B) Medidas de precaución por gotas.
- C) Medidas de aislamiento aéreo.
- D) Medidas de illamento protector.

22. Nun abrocho, unha definición de caso pode incluír todo o seguinte EXCEPTO:

- A) Síntomas da enfermidade.
- B) Resultados das probas de laboratorio.
- C) Alimentos dos que se sospeita son a fonte do abrocho.
- D) Data de inicio de síntomas.

23. Muller, 33 anos, VIH positiva, que acode á nosa consulta de vacinas remitida desde a Unidade de Procesos Infecciosos para avaliar vacinacións. Ten completo o seu calendario de vacinación infantil, pero non consta ningunha vacinación adicional. Achega seroloxía na que se aprecia inmunidade fronte á hepatite B, tétanos, sarampelo, parotiditis e rubeola, pero non fronte varicela e hepatite A. O recuento de linfocitos CD4 da súa última analítica é de 627 células por milímetro cúbico de sangue. Á vista desta información, ¿que vacina das seguintes estaría CONTRAINDICADA nesta paciente?:

- A) Antineumocócica conxugada.
- B) Vacina fronte á hepatite A.
- C) Vacina fronte á varicela.
- D) Ningunha das anteriores está contraindicada.

24. Cal dos seguintes criterios forma parte da definición de infección do tracto urinario en vixilancia da prevalencia de infección nosocomial?:

- A) Un cultivo positivo dunha punta de sonda urinaria.
- B) Unha mostra con flora mixta con 3 microorganismos diferentes.
- C) A bacteriuria asintomática.
- D) Polaquiuria máis disuria e un diagnóstico médico.

25. No deseño dun estudo epidemiolóxico, calquera erro sistemático que afecte á validez do devandito estudo, é dicir, que afaste o valor observado do valor real ou verdadeiro, denomínase como:

- A) Sensibilidade.
- B) Especificidade.
- C) Sesgo.
- D) Erro aleatorio.

26. Un paciente adulto con infección polo VIH pode recibir a vacina da varicela se non a pasou?

- A) Non debe recibir ningunha vacina con virus atenuados, por ter unha inmunodeficiencia.
- B) Dado que a súa inmunidade está alterada, non pode producir anticorpos e a vacina non sería efectiva.
- C) Pode recibir a vacina se está asintomático e CD4 superior a 200 células/mm³.
- D) Pódese administrar sempre que teña tratamento previo con aciclovir.

27. Indique a afirmación INCORRECTA sobre a hixiene de mans no medio sanitario:

- A) Antes de vendar unha ferida con ou sen instrumental está indicada a hixiene de mans.
- B) Antes de introducir unha sonda nasogástrica está indicada a hixiene de mans
- C) Antes de realizar unha exploración física non invasiva (tomar o, pulso, a presión sanguínea, auscultar o peito ou realizar un electrocardiograma...) non está indicada a hixiene de mans.
- D) Despois de cambiar a roupa de cama do paciente está indicada a hixiene de mans.

28. Indique cal dos seguintes sistemas de vixilancia non se utiliza habitualmente en Galicia para o seguimento da evolución da onda pandémica de gripe:

- A) Chamadas ao 061 por gripe ou infección respiratoria aguda.
- B) Ingresos hospitalarios por gripe confirmada.
- C) Rede de médicos sentinela.
- D) Rexistros informatizados de casos en consultorios de Atención Primaria.

29. Cales son os 5 momentos para a hixiene de mans?

- A) 1. Antes do contacto co paciente; 2. antes de realizar unha tarefa aséptica; 3. despois do risco de exposición a fluídos corporais; 4°. despois do contacto co paciente; 5. despois do contacto co contorno do paciente.
- B) 1. Antes de entrar na habitación; 2. antes de realizar unha tarefa aséptica; 3. despois do risco de exposición a fluídos corporais; 4. despois do contacto co paciente; 5. tras saír da habitación.
- C) 1. Antes do contacto co contorno do paciente; 2. antes de realizar unha tarefa aséptica; 3. despois do risco de exposición a sangue; 4. despois do contacto co paciente; 5. despois do contacto co contorno do paciente.
- D) 1. Antes de entrar na habitación; 2. antes do contacto co paciente; 3. antes de realizar unha tarefa aséptica; 4. despois do risco de exposición a fluídos corporais; 5. antes de saír da habitación.

30. Durante unha investigación dun abrocho de gastroenterite, confirmouse o axente, buscáronse casos adicionais e caracterizáronse os casos por tempo, lugar e persoa. Sen hipóteses claras sobre a fonte ou o modo de transmisión. Cal é o seguinte paso?:

- A) Reenquisar algúns casos en profundidade.
- B) Realizar un estudo de casos e controis.
- C) Realizar un estudo de cohorte.
- D) Buscar o axente en alimentos, auga e contorno.

31. Que medida está máis afectada por un valor extremo?:

- A) Rango intercuartil
- B) Rango
- C) Desviación estándar
- D) Media

32. Cal das seguintes afirmacións é certa en relación á vacinación e o embarazo?:

- A) O embarazo da nai é unha contraindicación para administrar a vacina contra a varicela ao seu fillo
- B) En xeral, as vacinas inactivadas supoñen un risco para o feto.
- C) Están recomendadas as vacinas vivas atenuadas.
- D) Ante unha exposición de risco, a embarazada pode recibir inmunoglobulinas inespecíficas.

33. A vacinación de febre amarela: (sinale a resposta correcta)

- A) É obrigatoria para viaxar a todas as áreas endémicas de febre amarela.
- B) Está contraindicada en todos o pacientes VIH positivos.
- C) Realízase cunha vacina de virus inactivados.
- D) Provoca trala súa inoculación en individuos sans, unha infección subclínica que desemboca na produción de células B e T específicas e na aparición de anticorpos circulantes específicos.

34. Indique a afirmación correcta en relación á enfermidade neurotrópica asociada á vacina de febre amarela (YEL-AND):

- A) Ocorre dentro dos 30 días trala vacinación.
- B) A inmunodeficiencia conxénita adquirida non é un factor de risco.
- C) É máis frecuente en menores de 60 anos.
- D) Relaciónase cunha disfunción do timo.

35. Sinale a afirmación correcta en relación á tuberculose:

- A) A limpeza e desinfección dos materiais críticos, semicríticos e non críticos utilizados cos pacientes con tuberculose activa realizárase de forma diferente que co resto de pacientes, seguindo un protocolo específico.
- B) Trala alta dun paciente con tuberculose bacilífera, na limpeza do cuarto de illamento o máis importante é o desinfectante utilizado.
- C) Os pacientes con sospeita de tuberculose bacilífera que precisen ingreso situaranse nun cuarto individual con presión positiva.
- D) A transmisión nosocomial é máis probable cando o paciente ten unha tuberculose pulmonar ou larínxea non diagnosticada, cando non está baixo tratamento antituberculoso efectivo e cando non está hospitalizado nun cuarto de illamento.

36. Cal dos seguintes sistemas de esterilización en frío inactiva os prións?

- A) Óxido de etileno
- B) Gas plasma
- C) Vapor con formaldehido
- D) Ningún dos anteriores

37. Cal das seguintes é certa respecto da hixiene de mans con produtos a base de alcol?

- A) É máis eficaz que a auga e xabón fronte ao norovirus
- B) O tempo empregado para obter resultados aceptables supera ao lavado con auga e xabón.
- C) Non é eficaz fronte ao *Clostridium difficile*
- D) Máis eficaz cando as mans están visiblemente sucias.

38. Respecto ás indicacións de uso dos antisépticos, sinale a FALSA:

- A) En pel non intacta está contraindicado o uso de solucións alcólicas.
- B) A evidencia que apoia o uso de clorhexidina alcohólica previa á inserción dun catéter venoso central é de tipo IA.
- C) Nas feridas con colonización crítica, non está indicado o uso de antisépticos, que se reservará para feridas con infección.
- D) Non existe evidencia científica que apoie o uso de antisépticos previo á sondaxe urinaria.

39. Sinale en cal dos seguintes casos non se precisan precaucións de transmisión por gotas:

- A) Enfermidade invasiva por *Neisseria meningitidis*.
- B) Infección respiratoria por adenovirus.
- C) Farinxite estreptocócica.
- D) Neumonía por *Pseudomonas aeruginosa* multirresistente.

40. Sinale a CORRECTA en referencia á administración dunha vacina

- A) Débese desinfectar a pel no lugar de administración con alcohol isopropílico.
- B) Para unha protección axeitada do traballador débense usar sempre luvas para a administración da vacina.
- C) É necesario extraer posibles pequenas burbullas de aire presentes na agulla ou no vial.
- D) Non se considera necesario facer un aspirado previo á inxección.

41. Nunha aula de 50 nenos hai un brote de farinxite por adenovirus; o día 29 de setembro apareceron 4 casos, o 2 de outubro 3 casos e o 12 de outubro, 5 casos; non se detectaron máis casos en todo o mes de outubro. Asíse que se enferma unha soa vez, dita enfermidade deixa inmunidade e a duración da mesma é de 7 días. Cal é a probabilidade de estar enfermo o día 4 de outubro?

- A) 0.14.
- B) 0.06.
- C) 0.08.
- D) 0.16.

42. Sinale a resposta **INCORRECTA** con respecto aos Indicadores de Infección Relacionada coa Asistencia Sanitaria:

- A) Os indicadores de Infección de localización cirúrxica axústanse polo índice desenvolvido polo sistema NHSN (National Healthcare Safety Network), que establece cinco niveis de risco.
- B) A Prevalencia de pacientes con bacteriemia nosocomial é a porcentaxe de pacientes no presente ingreso que no momento do estudo presentan bacteriemia nosocomial.
- C) A Incidencia acumulada de infección do tracto urinario asociado a sonda nunha UCI corresponde ao número de infeccións do tracto urinario novas detectadas no período de estudo 100 / número de pacientes sondados na unidade no período de estudo.
- D) Para a obtención dos indicadores de Infección de localización cirúrxica, recóllense aquelas infeccións relacionadas co procedemento cirúrxico estudado que se producen na incisión cirúrxica ou na súa veciñanza durante os primeiros 30 ou 90 días do posoperatorio (segundo o procedemento cirúrxico realizado).

43. Conforme ao Documento marco do sistema nacional de Vixilancia das Infeccións Relacionadas coa Asistencia Sanitaria, ¿cal dos seguintes é un **INDICADOR DE PROCESO** para a Vixilancia e Control da Infección de Localización Cirúrxica?:

- A) A porcentaxe de cumprimento adecuado da profilaxe antibiótica por procedemento cirúrxico.
- B) A Incidencia Acumulada de Infección de Localización Cirúrxica por procedemento cirúrxico.
- C) A Incidencia Acumulada de Pneumonías Asociadas a Ventilación Mecánica.
- D) A Incidencia Acumulada de Infección de Localización Cirúrxica segundo índice de risco NHSN (0, 1, 2 e 3).

44. Sinale cal das seguintes definicións das propiedades que caracterizan os efectos do axente etiolóxico dunha enfermidade infecciosa sobre un hóspede susceptible é **INCORRECTA**:

- A) A transmisibilidade é a capacidade do axente para propagarse dun hóspede a outro causando enfermidade.
- B) A infectividade é a capacidade do microorganismo para invadir e multiplicarse nun hóspede susceptible.
- C) A patoxenicidade é a capacidade para inducir enfermidade nos infectados.
- D) A virulencia é a capacidade para inducir no hóspede unha resposta inmunitaria específica e duradeira.

45. Cal das seguintes **NON** é unha característica dos estudos de casos e controis?

- A) Son relativamente menos custosos que os estudos de cohortes.
- B) A súa curta duración.
- C) Están indicados para o estudo de enfermidades raras.
- D) Permiten estimar a incidencia da enfermidade a estudo.

46. ¿Cal das seguintes medidas é efectiva para previr o rumbo de selección dos pacientes incluídos nun ensaio clínico?:

- A) A técnica do dobre cego.
- B) A análise de regresión loxística multivariante.
- C) A técnica do triplo cego.
- D) A asignación aleatoria.

47. Nunha aula de 54 nenos hai un brote de farinxite por adenovirus; o día 29 de setembro apareceron 4 casos; o 2 de outubro 3 casos e o 12 de outubro, 5 casos; non se detectaron máis casos en todo o mes de outubro. Asíse que se enferma unha soa vez, dita enfermidade deixa inmunidade e a duración da mesma é de 7 días. Cal é a probabilidade de enfermarse no mes de outubro?

- A) 0.15.
- B) 0.16.
- C) 0.22.
- D) 0.24.

48. Cal das seguintes categorías non é un indicador de tendencia da gripe na nosa Comunidade Autónoma?

- A) Crecente.
- B) Inestable.
- C) Decrecente.
- D) Estable.

49. Neno de 8 meses nado en España que viaxa dentro dun mes a Nixeria, país de orixe materna, por un período de dous meses. En relación á prevención da hepatite A, cal sería a medida máis recomendable?:

- A) Debe vacinarse inmediatamente cunha dose.
- B) aconséllase administrar inmunoglobulina.
- C) Sería suficiente con ferver a auga previamente ao seu consumo.
- D) Non precisa ningunha medida.

50. Cal das seguintes respostas é FALSA segundo o informe final da campaña de vacinación antigripal do ano 2018 publicado pola Xunta de Galicia?

- A) En atención primaria, a porcentaxe de médicos que se vacinou é menor que o de enfermería.
- B) En atención hospitalaria, a porcentaxe de médicos que se vacinou é menor que o de enfermería.
- C) A porcentaxe de embarazadas vacinadas superou o obxectivo previsto na campaña.
- D) Todas son correctas.

51. As recomendacións para o uso da vacina tripla vírica (sarampelo, rubéola, parotidite) en persoas que recibiron un Transplante de proxenitores hematopoiéticos (TPH) son:

- A) Non debe administrarse en ningunha circunstancia.
- B) Débese administrar sempre aos 24 meses de finalizar o TPH.
- C) A presenza de anticorpos fronte a sarampelo, rubéola e parotidite previos ao TPH desaconsella a vacina.
- D) A enfermidade enxerto contra hóspede (EICH) contraindica a vacina.

52. Previamente á administración intramuscular de vacinas sobre pel intacta na rexión deltoidea dun paciente, débese:

- A) Realizar unha correcta hixiene de mans unicamente, salvo que as mans da persoa que vai vacinar presente algunha lesión; nese caso, tamén utilizará luvas..
- B) Unicamente utilizar luvas.
- C) Correcta hixiene de mans e utilizar luvas sempre para a protección do profesional sanitario.
- D) Ao tratarse dunha actuación sobre pel intacta, non é preciso adoptar ningunha medida de hixiene, salvo que exista algunha lesión nas mans da persoa que vai administrar a vacina; nese caso, hixienizarase as mans e empregará luvas.

53. Unha curva epidémica que ten unha pendente ascendente pronunciada e unha pendente descendente máis gradual é característica de:

- A) Unha fonte de exposición nun período relativamente breve.
- B) Unha fonte de exposición prolongada.
- C) Unha exposición intermitente de orixe común.
- D) Unha transmisión de persoa a persoa.

54. Para realizar un cribado no seu primeiro momento ou fase, que característica interna do test adoita priorizarse?

- A) Que sexa moi sensible.
- B) Que sexa moi específico.
- C) Que sexa aplicable a moitas persoas.
- D) Que sexa barato.

55. Que proporción da distribución cobre o rango intercuartil?

- A) 25%
- B) 50%
- C) 75%
- D) 100%

56. Respecto ás contraindicacións e precaucións da vacina antigripal, sinala a FALSA:

- A) A anafilaxia ao ovo non contraindica a vacinación.
- B) A Síndrome de Guillén Barré nas 6 semanas posteriores a unha vacina antigripal previa é unha contraindicación absoluta á vacinación.
- C) Unha reacción alérxica a unha dose de vacina antigripal previa contraindica a vacinación.
- D) Unha enfermidade aguda moderada-severa con ou sen febre considérase unha precaución ante a administración dunha vacina da gripe.

57. Dos microorganismos citados a continuación, pola súa resistencia intrínseca aos procesos de desinfección, cal deles require desinfección de ALTO NIVEL?:

- A) Virus varicela zóster.
- B) Candida spp.
- C) Virus hepatite E.
- D) Enterovirus.

58. Nunha muller en período de lactación, cal das seguintes vacinas estaría contraindicada?

- A) Triplo vírica.
- B) Pneumococica conxugada 13 valente (VPnC13).
- C) Febre amarela.
- D) Virus papiloma humano.

59. Indique a resposta CORRECTA con respecto á Varicela:

- A) Calquera mamífero pode actuar como reservorio da enfermidade.
- B) A transmisión da varicela comeza 1-2 días antes da aparición do exantema e dura ata que todas as lesións están en fase de costra, aínda que os pacientes inmunocomprometidos poden ser contaxiosos máis tempo.
- C) A varicela é unha enfermidade altamente trasmisible (taxa de ataque 90%), e unicamente contáxiase por vía aérea.
- D) A determinación de IgM é moi útil para o diagnóstico de infección aguda.

60. Na atención a un paciente con sonda urinaria, ¿en cal das seguintes situacións NON sería necesario realizar hixiene de mans?:

- A) Antes de manipular o sistema de drenaxe para baleirar a bolsa de drenaxe
- B) Antes de tocar a mesiña do paciente.
- C) Despois de retirar a sonda urinaria.
- D) Despois de manipular o sistema de drenaxe para obter unha mostra de ouriños.

61. No caso dos pacientes illados seguindo as medidas de illamento por contacto, sinala a resposta correcta:

- A) A hixiene das mans do persoal sanitario é a medida fundamental na prevención da transmisión.
- B) A vaixela debe ser desbotada polo alto risco de transmisión que supón.
- C) Poderá compartir cuarto con outro paciente en illamento por contacto aínda que non sexa polo mesmo microorganismo.
- D) A e B son correctas.

62. Un adolescente de 15 anos con infección polo VIH debe recibir a vacina fronte ao virus do papiloma humano (VPH):

- A) Débese vacinar fronte ao VPH
- B) Non debe vacinarse fronte ao VPH.
- C) Só se se lle administra a vacina de VPH nonavalente.
- D) Dúas doses son suficientes a esta idade.

63. Dos seguintes rodenticidas (raticidas), de cal deles o seu mecanismo de acción NON é anticoagulante?

- A) Clorofacinona.
- B) Bromodialona.
- C) Alfaclorosa.
- D) Cumatetralilo.

64. Os obxectivos do SISTEMA DE VIXILANCIA DE INFECCION NOSOCOMIAL (SVIN) de Galicia son todos os citados a continuación EXCEPTO un:

- A) Coñecer os niveis endémicos de infección nosocomial.
- B) Detectar os brotes nosocomiais.
- C) Coñecer o padrón dos microorganismos responsables da infección nosocomial e as resistencias aos antimicrobianos.
- D) Implantar as medidas de prevención e control.

65. Atendendo á Orde do 11 de decembro pola que se regula a Rede galega de vixilancia en Saúde Pública non é de declaración obrigatoria urxente en Atención Especializada:

- A) Polio.
- B) Varicela.
- C) Tétano.
- D) Sarampelo.

66. Paciente VIH varón, 31 anos, visto na nosa consulta hai 18 meses, tras a cal se procedeu a administrarlle todas as vacinas indicadas para a súa idade e condición, ao non presentar contraindicación a ningunha delas. Acode agora á nosa consulta de novo, remitido polo Servizo de Cirurxía Xeral, por precisar esplenectomía tras accidente de tráfico. Non coincide coa tempada de vacinación fronte á gripe. Considerando as vacinas que xa ten postas, e á vista da nova situación, ¿que vacinas adicionais recomendaría?:

- A) Haemophilus influenzae tipo b (1 dose), Antimeningocócica tetravalente (2 doses separada como mínimo 8 semanas), Antimeningocócica B (2 doses separada como mínimo 8 semanas), Antipneumocócica (primeiro a vacina conxugada e logo a polisacárida, separadas polo menos 8 semanas).
- B) Haemophilus influenzae tipo b (1 dose), Antimeningocócica tetravalente (2 doses separada como mínimo 8 semanas), Antimeningocócica B (2 doses separada como mínimo 8 semanas), Antipneumocócica (primeiro a vacina conxugada e logo a polisacárida, separadas polo menos 8 semanas), hepatites B (pauta 0, 1, 2, 6 meses), hepatites A (dúas doses, separadas por 6-12 meses).
- C) Haemophilus influenzae tipo b (1 dose), Antimeningocócica B (2 doses separada como mínimo 8 semanas).
- D) Antimeningocócica B (2 doses separada como mínimo 8 semanas), Antipneumocócica (primeiro a vacina conxugada e logo a polisacárida, separadas polo menos 8 semanas).

67. Con respecto ao Sistema de Vixilancia de Infección Nosocomial de Galicia, sinala a opción FALSA:

- A) A utilización de criterios diagnósticos de infección consensuados e apoiados por organismos e sociedades científicas melloran a comparabilidade.
- B) Baseándose en análises custo/beneficio, nos hospitais aconséllase facer estudos globais de incidencia mediante a revisión de todas as historias clínicas de pacientes ingresados.
- C) Recoméndase que todos os hospitais leven a cabo un estudo de prevalencia anual.
- D) Nos hospitais, con maior nivel de servizos especializados, aconséllase que os servizos con niveis endémicos elevados de infección leven a cabo vixilancia continuada, para obter indicadores selectivos en procesos instrumentais e intervencións de risco alto de infección.

68. Indique a resposta correcta en relación á vacinación preexposición antirrábica:

- A) Realízase con tres doses en pauta 0, 7 e 21 ou 28 días.
- B) Debe realizarse alomenos un mes antes da partida.
- C) Recoméndase a viaxeiros a países endémicos que vaian estar moi expostos ao aire libre, especialmente nenos.
- D) Todas as respostas son correctas.

69. Un estudo de cohorte diferénciase dun estudo de casos e controis en que:

- A) Os suxeitos inscribíense ou categorízanse segundo a súa exposición nun estudo de cohortes, pero non nun estudo de casos e controis.
- B) Pregúntase aos suxeitos sobre exposición nun estudo de cohorte, pero non nun estudo de casos e controis.
- C) Os estudos de cohortes requiren un período longo de tempo para realizarse, pero os estudos de casos e controis non.
- D) Os estudos de cohortes realízanse para investigar enfermidades crónicas, os estudos de casos e controis utilízanse para enfermidades infecciosas.

70. A Guía para o Control das Enterobacterias Produtoras de Carbapenemasas nos hospitais de Galicia, dá por rematado un brote, nunha unidade de alto risco, unha vez que recibiu o alta o último paciente infectado-colonizado e foron negativos os sucesivos controis realizados, coa frecuencia establecida, no resto de pacientes da unidade. Se todos os controis que se fixeron resultaron negativos, canto tempo transcorrería desde o alta do último caso ao peche do brote?

- A) 10 semanas.
- B) 4 semanas.
- C) 20 semanas.
- D) 13 semanas.

71. Indique a resposta FALSA con respecto á Lexionelose:

- A) Son instalacións de risco para a transmisión de *Legionella* aquelas que utilicen auga no seu funcionamento, produzan aerosois e se atopen situadas no interior ou exterior de edificios, instalacións industriais ou medios de transporte.
- B) Conforme ao Anexo 4 do Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiionelose, a frecuencia mínima de mostraxe para torres de refrixeración e condensadores evaporativos é trimestral para *Legionella* e mensual para aerobios totais.
- C) A *Legionella* transmítese por inhalación de aerosois de auga contaminada, e tamén de persoa a persoa por aerosois exhalados por pacientes infectados.
- D) Considérase caso nosocomial confirmado a un paciente con clínica compatible e confirmado por laboratorio que pasou o período de incubación nun establecemento hospitalario ou cando se obtivo do paciente un illado indistinguible por técnicas de tipado das cepas illadas no sistema de auga do hospital no período de tempo no que se diagnosticou o caso.

72. Cal dos seguintes é un exemplo de dispositivo crítico segundo a clasificación de Spaulding?

- A) Catéter urinario.
- B) Esfigomanómetro.
- C) Broncoscopio.
- D) Estetoscopio.

73. Nunha paciente embarazada cun peso de 70 Quilogramos que resulta contacto estreito dun caso de enfermidade meningocócica invasiva, a quimioprofilaxe de elección é:

- A) Rifampicina, 600 miligramos vía oral cada 12 horas, 4 doses.
- B) Ciprofloxacino, 500 miligramos vía oral, dose única.
- C) Ceftriaxona, 250 miligramos vía intramuscular, dose única.
- D) En embarazadas non está indicado dar quimioprofilaxe, só vixilancia sintomática.

74. Os estudos transversais descritivos:

- A) Poden efectuarse de maneira prospectiva ou retrospectiva.
- B) É útil en enfermidades cun período de latencia moi longo.
- C) Teñen como finalidade estimar a frecuencia dunha variable de interese (enfermidade/exposición) nunha determinada poboación.
- D) Son os máis adecuados para o estudo de enfermidades pouco frecuentes.

75. O ortho-phtalaldehido, OPA, é un desinfectante de alto nivel da familia dos aldehídos que se utiliza para a desinfección de material semicrítico. Elixe a resposta INCORRECTA en relación coa utilización do OPA na práctica clínica:

- A) Presenta excelente compatibilidade cos materiais.
- B) Require activación previa.
- C) Non coagula o sangue nin fixa os tecidos ás superficies.
- D) A exposición repetida pode resultar en hipersensibilidade nalgúns pacientes con cancro de vexiga.

76. Para estudar a posible asociación entre a rubeola materna e as cataratas conxénitas, selecciónase unha mostra de 20 nenos con esta enfermidade e 25 nenos con antecedentes e idade semellantes que non a presentan. Unha entrevista á nai de cada neno determina se tivo ou non a rubeola durante o embarazo. Que test estatístico é o máis adecuado para realizar este estudo?

- A) T- student de datos independentes.
- B) T- student de datos apareados.
- C) Chi cadrado.
- D) Análise de correlación.

77. O propósito final de caracterizar un abrocho por tempo, lugar e persoa é:

- A) Proporcionar unha descrición completa dun abrocho describindo o seu curso temporal, extensión xeográfica e poboacións máis afectadas pola enfermidade.
- B) Asegurar que todos os casos reais sexan capturados polo sistema de vixilancia.
- C) Xerar hipóteses.
- D) Probar hipóteses.

78. Indique a resposta INCORRECTA sobre os estudos experimentais:

- A) O investigador aplica unha intervención sobre os participantes, polo que o seu eixo temporal é prospectivo.
- B) Entre eles inclúense os ensaios comunitarios de intervención.
- C) Nos ensaios clínicos aleatorizados cruzados (crossover), cada grupo de participantes recibe unha intervención simultaneamente.
- D) Os ensaios clínicos controlados poden ser "non cegos" ou abertos, "cego simple", "dobre cego" e "triplo cego".

79. En relación ás medidas de illamento, sinala o enunciado correcto:

- A) No Herpes Zoster diseminado en paciente inmunocomprometido son suficientes as medidas de illamento por contacto.
- B) As medidas de illamento aéreo aplicaranse en doentes que se sospeite ou confirme que teñen enfermidades graves transmisibles a través de aerosois (en partículas menores de 5 micras).
- C) En pacientes sometidos a illamento de contacto, a vaixela debe ser procesada separada do resto, cun procesamento diferente.
- D) A e C son correctas.

80. O médico debe facer a declaración dunha enfermidade:

- A) Ante a sospeita dunha enfermidade incluída na listaxe de enfermidades de declaración obligatoria.
- B) Unicamente se se confirma microbioloxicamente a enfermidade incluída na listaxe.
- C) A declaración urxente realízase de maneira automática a través do sistema de historias clínicas electrónicas.
- D) Só teñen obrigación de declarar os médicos especialistas encargados do tratamento da enfermidades.

81. Sinalar a FALSA respecto dos estudos de prevalencia de infección nosomial

- A) Permiten obter a proporción de pacientes que presentan infección nun momento determinado.
- B) Gran utilidade sobre todo en centros hospitalarios de tamaño medio e grande permitindo captar onde se atopan os núcleos problemáticos.
- C) Presentan rumbos derivados do efecto da sobrerrepresentación dos pacientes de longa estancia.
- D) O número de días de hospitalización é básico para o cálculo da prevalencia da infección.

82. Á hora de programar unha pauta de rescate ou acelerada de vacinación a pacientes menores de 6 anos con calendario incompleto, cal das seguintes cuestións NON hai que ter en conta?:

- A) Reiniciar a pauta de vacinación, aínda que xa se administraran doses previas.
- B) Respetar a idade mínima para a administración da vacina.
- C) Respetar os intervalos mínimos entre doses.
- D) Aceptar so como doses administradas aquelas que estén documentadas e coa data de administración.

83. Realizamos un estudo prospectivo en pacientes ingresados nun hospital no que avaliamos a posible asociación entre diversos factores de risco e a aparición de infeccións asociadas á asistencia sanitaria. Un deses factores é a albúmina sérica, medida en g/ dL. Asumindo que dita variable segue distribución normal, ¿Que proba estatística empregaría para comparar os niveis de albúmina entre os enfermos con e sen infección asociada á asistencia?

- A) ANOVA de dúas vías para datos independentes.
- B) A proba t-Student para datos independentes.
- C) A proba t-Student para datos pareados.
- D) A proba de Mann-Whitney.

84. O nesgo de Berkson que pode darse en estudos de casos e controis, é debido a:

- A) A diferenzas no recordo de feitos ou experiencias previas dos participantes no estudo.
- B) O feito de estar enfermo e estar exposto, ao factor de risco a estudo, aumenta a probabilidade de ser ingresado nun hospital, no que se elixen os participantes no estudo.
- C) O resultante de medir a exposición con diferente intensidade entre os dous grupos comparados.
- D) É debido á recollida selectiva de datos, de maneira consciente ou inconsciente, por parte do entrevistador.

85. A Guía para o Control das Enterobacterias Produtoras de Carbapenemasas (EPC) nos hospitais de Galicia indica que as infeccións graves por EPC deben ser tratadas atendendo, entre outros, aos seguintes principios (sinala a FALSA):

- A) Se a cepa ten un nivel baixo de resistencia a meropenem ou imipenem ($CMI \leq 8$ mg / L) este antibiótico utilizarase como base do tratamento asociado con outro ou outros axentes.
- B) Utilizar unha terapia combinada con 2 ou 3 antibióticos activos por antibiograma.
- C) Utilizaranse doses máximas de antibióticos, axustando sempre, se é necesario, por función renal.
- D) Practicarase a descontaminación/descolonización intestinal selectiva de forma universal.

86. A TAXA DE ATAQUE dunha enfermidade transmisible é:

- A) A proporción de casos que se producen desa enfermidade nun período de tempo nunha poboación pechada.
- B) A proporción de mortes entre os enfermos.
- C) A capacidade do microorganismo causal de inducir no hóspede unha resposta inmunitaria específica e duradeira.
- D) A capacidade relativa dun microorganismo para causar dano grave nos infectados.

87. No que se refire ás estratexias de deseño en epidemioloxía, sinala a resposta correcta relativa ao concepto de sesgo:

- A) Os sesgos de selección non son un problema nos estudos de casos e controis.
- B) Os sesgos son erros sistemáticos nun estudo epidemiolóxico que producen unha estimación incorrecta de asociación entre a exposición e a enfermidade.
- C) O sesgo de Berkson ou de Admisión non é un tipo de sesgo de selección.
- D) Os sesgos de adaptación non se producen nos estudos de intervención experimentais.

88. En función da resistencia dos diferentes microorganismos á acción dos desinfectantes, cal dos seguintes microorganismos é máis resistente aos desinfectantes?

- A) Poliovirus.
- B) Pseudomonas aeruginosa.
- C) Virus inmunodeficiencia humana.
- D) Virus hepatite B.

89. Cando hai un brote clonal causado por Pseudomonas aeruginosa, de que tipo de reservorio se sospeitaría en inicio:

- A) O persoal sanitario.
- B) Os pacientes que proveñen de residencias.
- C) Algún reservorio ambiental húmido.
- D) As superficies do contorno dos pacientes.

90. Nas seguintes parellas de vacinas e grupos de risco, cales NON poden estar asociadas?:

- A) Asplenia e febre amarela.
- B) Tratamento con eculizumab e tripla vírica.
- C) Deficiencia persistente do complemento e varicela.
- D) Deficiencias de interferón-gamma e febre tifoide oral

91. Conforme ao Documento marco do sistema nacional de Vixilancia das Infeccións Relacionadas coa Asistencia Sanitaria, ¿cal dos seguintes NON é un indicador de resultados para a Vixilancia e Control de microorganismos multirresistentes ou de especial relevancia clínico-epidemiolóxica?:

- A) Incidencia acumulada de infección (número total de casos novos de infección por microorganismo vixiado no período de estudo * 100 / número de pacientes ingresados).
- B) Densidade de incidencia de infección (número total de casos novos de infección por microorganismo vixiado no período de estudo * 1000 / número de pacientes-día).
- C) Sensibilidade/resistencia a antibióticos (porcentaxe de pacientes con infeccións causadas por un determinado microorganismo resistente con respecto ao total de pacientes con infeccións producidas por ese mesmo microorganismo).
- D) Porcentaxe de inadecuación de tratamento antibiótico segundo causas de inadecuación (duración, elección, inicio, indicación, vía de administración).

92. Sinala a resposta errónea en relación á prevalencia:

- A) Carece de dimensión porque é unha proporción. Para que cobre significado debe expresarse o tempo de observación.
- B) Resulta de gran utilidade nos estudos etiolóxicos.
- C) É útil para a planificación e xestión de recursos porque reflicte adecuadamente a magnitude dun determinado problema de saúde.
- D) Todas as respostas son correctas.

93. Sinala a resposta INCORRECTA con respecto aos elementos que conforman a cadea epidemiolóxica (elementos necesarios para que exista unha enfermidade transmisible):

- A) Denomínase axente causal a todo axente biolóxico que poida dar orixe a unha enfermidade.
- B) Denomínase Mecanismo de Transmisión ao conxunto de mecanismos que utiliza o axente causal para poñerse en contacto co hóspede.
- C) O hóspede susceptible é un ser vivo que non ten inmunidade específica a un axente causal determinado e, ao estar en contacto con el, pode desenvolver a enfermidade producida polo axente. O grao de susceptibilidade nun mesmo individuo pode estar influído por diversos factores.
- D) Ten que existir necesariamente transmisión directa da enfermidade entre a fonte de infección e o hóspede susceptible, sen intermediarios.

94. O hipoclorito sódico é un desinfectante habitualmente utilizado en ambientes, superficies e obxectos que non entran en contacto co paciente; con respecto ao hipoclorito, cal das seguintes opcións é FALSA?

- A) É un desinfectante de acción rápida, de toxicidade relativamente baixa e baixo custo.
- B) A súa actividade antimicrobiana é atribuíble principalmente ao ácido hipocloroso non dissociado.
- C) A súa actividade depende do pH, considerándose 6 o pH óptimo, no que a concentración de ácido hipocloroso é óptima.
- D) En presenza de materia orgánica, forma éter biclorometílico, que é canceríxeno.

95. Na fase 1 dun ensaio clínico dun medicamento avalíase:

- A) A súa seguridade e tolerancia.
- B) A súa eficacia fronte á enfermidade.
- C) Se é mellor que o tratamento tradicional.
- D) Información sobre efectos a longo prazo posteriores á súa autorización.

96. ¿Cal é o mecanismo de transmisión da varicela?

- A) Só a través do aire.
- B) Só por contacto.
- C) Por contacto e a través do aire.
- D) Por medio de vectores.

97. Dispoñemos de dous tests para diagnosticar unha enfermidade de prognóstico leve. A proba A ten unha sensibilidade do 95 % e unha especificidade do 60 %, e a proba B ten unha sensibilidade do 70 % e unha especificidade do 99 %. Dispoñemos dun tratamento eficaz pero que produce efectos adversos importantes e ademais ten un custo moi elevado. Que probas elexiríamos para facer o diagnóstico?

- A) A proba A porque detecta menos falsos positivos.
- B) A proba B porque detectará máis falsos positivos.
- C) A proba A porque detectará máis falsos negativos.
- D) A proba B porque ten unha maior especificidade.

98. En que caso é necesario reiniciar unha pauta de vacinación?

- A) Pauta interrompida de vacina sarampelo-rubéola-parotidite
- B) Pauta interrompida de vacina Virus Papiloma Humano
- C) Pauta interrompida de vacina de Febre tifoide oral
- D) En ningún caso é necesario reiniciar a pauta

99. Cal é o denominador da fórmula da INCIDENCIA ACUMULADA?:

- A) Casos novos detectados no período de tempo de estudo.
- B) A poboación total ao comezo do período.
- C) A poboación exposta sa susceptible de enfermarse ao comezo de período.
- D) Suma de tempos de exposición a risco dos susceptibles.

100. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O uso das probas diagnósticas en paralelo aumenta a especificidade e diminúe o valor predictivo positivo.
- B) O uso das probas diagnósticas en serie aumenta a sensibilidade e diminúe o valor predictivo positivo.
- C) O uso das probas diagnósticas en paralelo aumenta a sensibilidade e o valor predictivo positivo.
- D) O uso das probas diagnósticas en serie aumenta a especificidade e o valor predictivo positivo.

Preguntas de reserva

1. Na hixiene de mans no medio hospitalario, de forma xeral, considérase como técnica de elección a frotación con solución hidroalcohólica, excepto en determinadas situacións. Sinala en cal das seguintes é preferible o lavado hixiénico con auga e xabón, mesmo cando as mans non estean visiblemente sucias:

- A) Tras ter contacto con pacientes infectados ou colonizados con enterobacterias produtoras de carbapenemasas.
- B) Tras ter contacto con pacientes infectados ou colonizados por *Clostridium difficile*.
- C) Tras ter contacto con pacientes infectados ou colonizados por microorganismos produtores de betalactamasas de espectro ampliado.
- D) Tras ter contacto con pacientes portadores de *Staphylococcus aureus* meticilín-resistente.

2. O Diclorodifeniltricloroetano, é un insecticida químico cuxo mecanismo de acción é:

- A) Asfixiante.
- B) De contacto.
- C) Fumigante.
- D) Estomacal.

3. Cando levantaría as medidas de illamento por contacto a un paciente illado por detección de toxina de *Clostridium difficile* en feces?

- A) Despois de dúas PCR para toxina C. *difficile* negativas separadas 48 horas.
- B) Recoméndase suspendelo 48-72 horas despois da resolución da diarrea.
- C) Tras unha semana de tratamento antibiótico dirixido, con ou sen resolución do cadro clínico.
- D) Unha vez que se detecta a toxina de *Clostridium difficile*, non se retirarán as medidas de illamento durante todo o ingreso, independentemente da evolución clínica.

4. Cal NON é unha característica dos estudos de cohortes?

- A) Pode utilizarse para estudar máis dun desenlace
- B) Pode establecer relacións temporais, fortalecendo a inferencia causal
- C) Pode durar moito tempo
- D) Este deseño é óptimo para estudar desenlaces raros

5. Cal das seguintes afirmacións é verdadeira sobre os factores contribuíntes nun abrocho?

- A) Só ocorrerá un abrocho se está presente un factor contribuínte.
- B) As tres categorías principais de factores contribuíntes son a contaminación, a supervivencia e a multiplicación.
- C) Os factores que contribúen a un abrocho dependen do axente causal pero non do vehículo ou método de procesamento de alimentos.
- D) A corrección do factor contribuínte corraxirá o problema e evitará que ocorra de novo.

6. Cal das seguintes afirmacións sobre a densidade de incidencia é FALSA ?

- A) Require medir para cada persoa o tempo total que está en risco de padecer o efecto.
- B) É a velocidade coa que as persoas dunha poboación pasan de estar sas a estar enfermas (por unidade de tempo).
- C) É un cociente que relaciona os casos novos da enfermidade nunha cohorte con todos os casos de dita cohorte.
- D) É a medida do ritmo de ocorrencia de enfermidade, obtida a partir dun estudo de seguimento.

7. Das seguintes aseveracións sobre a clorhexidina e a polihexametilen biguanida, antisépticos derivados das biguanidas e amidinas, elixe a FALSA:

- A) A clorhexidina idealmente debe utilizarse mesturada con substancias aniónicas para aumentar a súa solubilidade.
- B) Estase a estender o uso da polihexametilen biguanida para antisepsia de feridas abertas, úlceras e queimaduras.
- C) A clorhexidina actualmente é un dos antisépticos con maior persistencia e efecto residual.
- D) A clorhexidina inhiibe virus lipídicos (VIH...), pero é menos eficaz fronte a virus non lipídicos (rotavirus...).

8. O uso principal do erro estándar da media é o cálculo de:

- A) Intervalo de confianza
- B) Coeficiente de variación
- C) Desviación estándar
- D) Varianza

9. Unha persoa de 10 anos que foi vacinada con 3 doses de vacina antineumocócica conxugada (VNC) na infancia sofre un accidente de tráfico que lle obriga a ser esplenectomizado. Recoméndase:

- A) Recibir dúas doses de VNC.
- B) Unha soa dose de vacina VNC.
- C) Ningunha dose
- D) Unha dose de vacina polisacárida 23 valente e outra aos 5 anos.

10. Tendo presente os principios xerais en canto ao intervalo mínimo entre a administración non simultánea de vacinas distintas, identifique o intervalo mínimo entre unha vacina inactivada e outra atenuada:

- A) Ningún.
- B) Dúas semanas.
- C) Catro semanas.
- D) Oito semanas.